



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD75PRO01**

**Programación de CLARINETE**



## Índice

---

1.	Introdución .....	7
2.	Obxectivos xerais.....	10
2.1	Grao elemental .....	10
2.2	Grao profesional .....	11
2.	Contidos xerais .....	12
3.1	Grao elemental .....	12
3.1	Grao profesional .....	13
4.	Secuenciación dos cursos .....	14
4.1	Curso: 1º G. E. ....	14
4.1.1	Obxectivos.....	14
4.1.2	Contidos .....	14
4.1.3	Avaliación .....	15
4.1.3.1	Criterios de avaliación.....	15
4.1.3.2	Mínimos esixibles.....	15
4.1.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	16
4.1.3.4	Criterios de cualificación .....	16
4.1.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	17
4.1.4	Medidas de recuperación .....	18
4.1.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	18
4.1.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	19
4.1.5	Recursos didácticos.....	19
4.2	Curso: 2º G. E. ....	20
4.2.1	Obxectivos.....	20
4.2.2	Contidos .....	20
4.2.3	Avaliación .....	21
4.2.3.1	Criterios de avaliación.....	21
4.2.3.2	Mínimos esixibles.....	21
4.2.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	22
4.2.3.4	Criterios de cualificación .....	22
4.2.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	23
4.2.4	Medidas de recuperación .....	24
4.2.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	24
4.2.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	25



4.2.5 Recursos didácticos.....	25
4.3 Curso: 3º G. E. ....	26
4.3.1 Obxectivos.....	26
4.3.2 Contidos .....	27
4.3.3 Avaliación .....	27
4.3.3.1 Criterios de avaliación.....	27
4.3.3.2 Mínimos esixibles.....	27
4.3.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación .....	28
4.3.3.4 Criterios de cualificación .....	29
4.3.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	30
4.3.4 Medidas de recuperación .....	30
4.3.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios .....	30
4.3.4.2 Probas extraordinarias de setembro .....	31
4.3.5 Recursos didácticos.....	32
4.4 Curso: 4º G. E. ....	33
4.4.1 Obxectivos.....	33
4.4.2 Contidos .....	34
4.4.3 Avaliación .....	34
4.4.3.1 Criterios de avaliación.....	34
4.4.3.2 Mínimos esixibles.....	35
4.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación .....	35
4.4.3.4 Criterios de cualificación .....	35
4.4.4 Medidas de recuperación .....	36
4.4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios .....	36
4.4.4.2 Probas extraordinarias de setembro .....	37
4.4.5 Recursos didácticos.....	38
4.5 Curso: 1º G. P. ....	39
4.5.1 Obxectivos.....	39
4.5.2 Contidos .....	39
4.5.3 Avaliación .....	40
4.5.3.1 Criterios de avaliación.....	40
4.5.3.2 Mínimos esixibles.....	40
4.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación .....	41
4.5.3.4 Criterios de cualificación .....	41
4.5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	42
4.5.4 Medidas de recuperación .....	43



4.5.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	43
4.5.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	43
4.5.5	Recursos didácticos.....	44
4.6	Curso: 2º G. P. ....	45
4.6.1	Obxectivos .....	45
4.6.2	Contidos .....	45
4.6.3	Avaliación .....	46
4.6.3.1	Criterios de avaliación.....	46
4.6.3.2	Mínimos esixibles.....	46
4.6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	47
4.6.3.4	Criterios de cualificación .....	47
4.6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	48
4.6.4	Medidas de recuperación .....	49
4.6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	49
4.6.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	49
4.6.5	Recursos didácticos.....	50
4.7	Curso: 3º G. P. ....	51
4.7.1	Obxectivos .....	51
4.7.2	Contidos .....	51
4.7.3	Avaliación .....	52
4.7.3.1	Criterios de avaliación.....	52
4.7.3.2	Mínimos esixibles.....	52
4.7.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	53
4.7.3.4	Criterios de cualificación .....	53
4.7.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	54
4.7.4	Medidas de recuperación .....	55
4.7.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	55
4.7.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	55
4.7.5	Recursos didácticos.....	56
4.8	Curso: 4º G. P. ....	57
4.8.1	Obxectivos .....	57
4.8.2	Contidos .....	57
4.8.3	Avaliación .....	58
4.8.3.1	Criterios de avaliación.....	58
4.8.3.2	Mínimos esixibles.....	58
4.8.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	59



4.8.3.4	Criterios de cualificación .....	59
4.8.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	60
4.8.4	Medidas de recuperación .....	61
4.8.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	61
4.8.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	62
4.8.5	Recursos didácticos.....	62
4.9	Curso: 5º G. P. ....	63
4.9.1	Obxectivos .....	63
4.9.2	Contidos .....	64
4.9.3	Avaliación .....	64
4.9.3.1	Criterios de avaliación.....	64
4.9.3.2	Mínimos esixibles.....	64
4.9.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	65
4.9.3.4	Criterios de cualificación .....	66
4.9.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	67
4.9.4	Medidas de recuperación .....	67
4.9.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	67
4.9.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	68
4.9.5	Recursos didácticos.....	69
4.10	Curso: 6º G. P. ....	70
4.10.1	Obxectivos .....	70
4.10.2	Contidos .....	70
4.10.3	Avaliación .....	70
4.10.3.1	Criterios de avaliación.....	71
4.10.3.2	Mínimos esixibles.....	71
4.10.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	72
4.10.3.4	Criterios de cualificación .....	73
4.10.4	Medidas de recuperación .....	74
4.10.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	74
4.10.4.2	Probas extraordinarias de setembro .....	74
4.10.5	Recursos didácticos.....	75
5.	Metodoloxía .....	77
6.	Atención á diversidade .....	77
7.	Temas transversais.....	78
7.1	Educación en valores .....	78
7.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) .....	78



8.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	78
9.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....	79
ANEXOS .....		79
I. Probas de acceso 2º, 3º E 4º de grao elemental.....		79
	Criterios de avaliación probas de acceso 2º, 3º E 4º de grao elemental.....	79
	Criterios de cualificación probas de acceso 2º, 3º E 4º de grao elemental .....	80
II. Probas de acceso a primeiro de grao profesional .....		80
	Listado orientativo de obras a interpretar na proba de acceso a primeiro de grao profesional .....	80
	Criterios de avaliación probas de acceso a primeiro de grao profesional .....	81
	Criterios de cualificación probas de acceso a primeiro de grao profesional.....	81
III. Probas de acceso ós restantes cursos de grao profesional.....		82
	Criterios de avaliación probas de acceso ós restantes cursos de grao profesional	82
	Criterios de cualificación probas de acceso restantes cursos de grao profesional	83



## 1. Introducción

---

Como introdución a esta programación gustaríanos deixar constancia dunha circunstancia determinante na nosa cultura musical e que ven a definir en grande medida o perfil do alumnado deste conservatorio: a enorme tradición de bandas de música existente no noso entorno. Parécenos importante sinalar este feito dado que unha alta porcentaxe dos alumnos de vento deste centro proceden destas agrupacións así como das escolas de música dependentes das mesmas. Isto explica que moitos dos nosos alumnos (a inmensa maioría no grao profesional), procedan de concellos próximos a Santiago, e non da cidade mesma. Non podemos deixar pasar a ocasión sen dicir que as bandas de música foron e son a canteira da que saíron moitos dos profesionais máis prestixiosos de Galicia.

Se á grande cantidade de alumnos que as bandas nos proporcionan lle engadimos a enorme atracción que o noso centro está a xerar entre os nenos santiagueses, non podemos senón mirar ó futuro con optimismo.

### **Características do centro**

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental



e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

### **Características do alumnado**

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

### **Marco legal**

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de





Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



## 2. Obxectivos xerais

---

### 2.1. Grao elemental

1. Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
2. Controlar o aire mediante a respiración abdominal-diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
3. Empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación e a calidade do son.
4. Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
5. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
6. Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento e nos diferentes matices, para dar cor e expresión á interpretación musical.
7. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos cunha dificultade acorde con este nivel.

### 2.2. Grao profesional

1. Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
3. Demostrar unha autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.



4. Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
5. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
6. Desenvolar a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
7. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e realizando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.



## 3. Contidos xerais

---

### 3.1. Grao elemental

1. Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
2. Fortalecemento dos músculos faciais.
3. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade sonora.
4. Estudos de emisión do son.
5. Principios básicos de dicitación.
6. Práctica das articulacións.
7. Traballo da dinámica.
8. Desenvolvemento da flexibilidade dos labios, coa práctica de intervalos ligados e con posición fixas.
9. Estudo da boquilla.
10. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
11. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
12. Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos.
13. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, etc.) para chegar a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
14. Selección progresiva, en canto ó grao de dificultade, de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto das capacidades musicais e técnicas do alumno.
15. Práctica de conxunto.



### 3.2. Grao profesional

1. Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles.
2. Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: línea, color e expresión, adecuándoos ós diferentes estilos, con especial atención ó seu estudio nos tempos lentos.
3. Estudo do rexistro sobreagudo.
4. Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver ó máximo o sentido da afinación, armonía, ritmo, etc..
5. Estudo do repertorio solista (con orquestra) de diferentes épocas.
6. Estudo dos instrumentos afíns.
7. Iniciación á interpretación da música contemporánea e ó coñecemento das novas grafías e efectos.
8. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
9. Práctica da lectura a vista.
10. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.



## 4. Secuenciación dos cursos

---

### 4.1. Curso: 1º G. E.

#### 4.1.1. Obxectivos

1. Adquirir os fundamentos dunha posición corporal correcta buscando a tonicidade muscular adecuada de tronco e extremidades, tanto sentado como erguido.
2. Conseguir unha toma de aire (inspiración) o máis relaxada e profunda posible.
3. Adoitar unha posición da embocadura que permita obter un son centrado e de calidade.
4. Descubrir as diferentes opcións de emisión do son: primeiro só con aire para despois ir introducindo pouco a pouco o funcionamento da lingua.
5. Iniciación do sentido da afinación a través da práctica na clase colectiva.
6. Coñecer e practicar a escala cromática dende mi2 ata do5 .
7. Práctica de escalas, escalas por terceiras e arpexios de tonalidades maiores de ata unha alteración no rexistro grave e en diferentes articulacións. No caso de DoM traballarase na tesitura do3-do5.
8. Memorizar pequenos fragmentos musicais e escalas.
9. Coñecer as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación atopadas nos textos musicais propostos para este curso.
10. Adaptarse á práctica da música de conxunto.
11. Coñecemento da morfoloxía do clarinete.

#### 4.1.2 Contidos

1. Control, dominio e rectificación da posición corporal do alumno co instrumento mediante a axuda dun espello.



2. Exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tenidas e práctica de bostezos respectivamente).
3. Exercicios de embocadura e emisión (boquilla e barrilete, instrumento completo).
4. Exercicios de afinación sobre intervalos de cuarta, quinta e oitava xustas así coma unísonos (clase colectiva).
5. Escalas e arpexios de FaM, SolM e DoM en diferentes articulacións e figuracións.
6. Escala cromática dende mi2 ata do5 en diferentes articulacións.
7. Exercicios de memorización e interpretación.

### 4.1.3 Avaliación

#### 4.1.3.1. Criterios de avaliación

1. Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete.
2. Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
3. Correcta realización das diferentes escalas e arpexios programados no curso.
4. Correcta interpretación dos diferentes estudos e obras programados no curso.
5. Mostrar ó longo do curso a capacidade de aprendizaxe, adicación, esforzo e interese necesarios para o estudo do instrumento.

#### 4.1.3.2 Mínimos esixibles

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Escala e arpexio de FaM e SolM só no rexistro grave e ligado.
- Enjoy playing the clarinet , páx. 1 a 9.
- La clarinette classique, 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxs.13 a 25.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

- Escala cromática dende mi2 ata sib3 , ligada e picada.
- Escala e arpexios de FaM e SolM no rexistro grave en diferentes articulacións.
- Enjoy playing the clarinet páxs.10 a 18



- La clarinette classique. 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxs.26 a 40.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

- Escala cromática dende mi2 ata do5 (ligada e picada).
- Escala e arpexio de DoM (do3 do5) en diferentes articulacións.
- Enjoy playing the clarinet, páxs 18 a 27.
- La clarinette classique 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxs. 41 a 51.

#### 4.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da “avaliación continua”. Como instrumentos para controlar o grao de consecución dos obxectivos temos que mencionar as **audicións** e os **contróis** que periódicamente se realizarán. Do mesmo xeito no **caderno da aula** reflexaranse aspectos tais como as obras, estudos e escalas superados polo alumno, faltas de asistencia, actitude ante a asignatura, etc..

Dada a natureza dos estudos musicais, estímase necesaria a interpretación en público de textos musicais cunha certa periodicidade. Establécese un mínimo de dúas audicións ó ano nas cais deberá de participar cada alumno. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

#### 4.1.3.4 Criterios de cualificación

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a asignatura.





Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 4 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos pero manifestaran unha actitude positiva e ofrecen posibilidades claras de recuperación.

Serán cualificados cun 3, 2 ou 1 aqueles alumnos que claramente non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a materia.

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: caderno de aula, audicións, e controis.

A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 10%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.

20% en función do criterio de avaliación 5.

Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, dacordo co establecido no R. R. I. do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

#### **4.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra,



terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede. Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso. É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

#### 4.1.4. Medidas de recuperación

##### 4.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que teñan a asignatura pendente ou que suspenderan algunha das avaliacións realizarase un plan de traballo con novas actividades didácticas orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de titoría con esta mesma finalidade.

Dada a especificidade da aprendizaxe instrumental, os obxectivos e contidos mínimos están interrelacionados ó longo de todo o curso. Por este motivo o feito de centrarnos nos aspectos non superados en trimestres anteriores no supón a desviación no traballo dos obxectivos xerais do curso. Así pois, no momento no que un alumno supere os obxectivos plantexados consideraranse superadas as avaliacións anteriores.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a **perde o dereito á avaliación continua**, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

No caso de ter a materia pendente do curso anterior esta será aprobada no momento en que se superen os obxectivos mínimos do mencionado curso.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro.



#### 4.1.4.2 Proba extraordinaria de setembro

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno deberá presentar un repertorio que abrangan, cando menos, os mínimos esixibles durante o curso. O profesor poderá cingir esta proba, se o considera oportuno, exclusivamente a aqueles contidos non superados durante o curso polo proceso de avaliación continua. No informe de avaliación negativa de xuño fixarase unha proposta de repertorio para a proba extraordinaria de setembro.

O feito de que o repertorio presentado non se cinga ou ós mínimos esixibles (por non acadar a dificultade axeitada) ou ó proposto polo profesor no informe de avaliación negativa de xuño, poderá ser motivo de suspenso.

Do repertorio presentado na proba, o profesor seleccionará aquel que considere máis oportuno escoitar e poderá deter a interpretación no momento no que considere que ten elementos suficientes para cualificar.

Os criterios de avaliación aplicables nesta proba serán os mesmos que os aplicables durante o proceso de avaliación continua, exceptuando aqueles que, dada súa natureza, so serían de aplicación nun proceso avaliativo desta tipo.

Para a cualificación da proba, atenderase ós seguintes criterios:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

#### 4.1.5. Recursos didácticos

KLOSÉ, J.: 220 Estudos. (Revisado por Guy Dangain). Billaudot.

BONETTI, R.: Enjoy playing the clarinet.. Oxford.

WASTALL, P.: Learn as you play clarinet. Boosey and Hawkes.

DANGAIN, G.: ABC do xoven clarinetista. Vol. 1. Billaudot.

LANCELOT et CLASSENS.: La clarinette classique. Vol. A

BOERSTOEL, J. e KASTELEIN, J.: Escoitar, ler e tocar. Vol. 1. De Haske.

MANZ, R.: Die Fröhliche Klarinette. Vol. 1. Schott.



SICHLER, J.: Perce-neige

\* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno en cuestión.

## **4.2. Curso: 2º G. E.**

### **4.2.1 Obxectivos**

1. Adoitar unha posición corporal correcta ó tocar o instrumento.
2. Afianzar o proceso de respiración.
3. Adoitar o necesario control dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora en todos os rexistros.
4. Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulación básicos.
5. Mellorar progresivamente o sentido da afinación relativa e de conxunto.
6. Dominar a escala cromática dende mi2 ata mi5 así coma as tonalidades de DoM, Lam, FaM, Rem, SolM e Mim en diferentes articulacións.
7. Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudo diario.
8. Memorización de fragmentos musicais e das escalas programadas no curso.
9. Traballar a música de conxunto en diferentes formacións durante a clase colectiva.

### **4.2.2. Contidos**

1. Control e dominio progresivo da posición corporal ó tocar o instrumento.
2. Exercicios de respiración con e sen instrumento.
3. Exercicios de embocadura e emisión.
4. Escala cromática dende mi2 ata mi5 nas diferentes articulacións.
5. Traballo de escalas e arpexios sobre as tonalidades programadas no curso en diferentes articulacións.



6. Interpretación e memorización (cando proceda) dos textos musicais programados no curso.

### 4.2.3. Avaliación

#### 4.2.3.1. Criterios de avaliación

1. Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete.
2. Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
3. Correcta realización das diferentes escalas e arpexios programados no curso.
4. Correcta interpretación dos diferentes estudos e obras programados no curso.
5. Mostrar ó longo do curso a capacidade de aprendizaxe, adicación, esforzo e interese necesarios para o estudo do instrumento.

#### 4.2.3.2. Mínimos esixibles

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Escala cromática dende mi2 ata mi5 .
- Escalas e arpexios de DoM e Lam (armónica e melódica) de memoria todas elas.
- La clarinette classique nº 12
- Unha das Pezas clásicas para clarinete e piano de Lancelot.
- 220 exercicios. Páxs. 9 a 15.
- ABC do xoven clarinetista vol.2 Páxs.10 a 23
- Dous dúos de Selected Duets.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

- Escala cromática dende mi2 ata mi5.
- Escalas e arpexios de FaM e Rem (armónica e melódica) de memoria todas elas.
- La clarinette Classique nº15.
- 220 exercicios Páxs.16 a 21.
- ABC do xoven clarinetista Vol.2 Páxs.24 a 37.
- Dous dúos de Selected duets.



## TERCEIRA AVALIACIÓN

- Escala cromática dende Mi2 ata Mi5.
- Escalas e arpejos de SolM e Mim (armónica e melódica) de memoria todas elas.
- La clarinette classique nº14.
- 220 Exercicios Páxs.22 a 27.
- ABC do xoven clarinetista. Páxs. 38 a 55.
- Dous dúos de Selected Duets.

### 4.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da “avaliación continua”. Como instrumentos para controlar o grao de consecución dos obxectivos temos que mencionar as **audicións** e os **controis** que periodicamente se realizarán. Do mesmo xeito no **caderno da aula** reflexaranse aspectos tais como as obras, estudos e escalas superados polo alumno, faltas de asistencia, actitude ante a asignatura, etc..

Dada a natureza dos estudos musicais, estímase necesaria a interpretación en público de textos musicais cunha certa periodicidade. Establécese un mínimo de dúas audicións ó ano nas cais deberá de participar cada alumno. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

### 4.2.3.4. Criterios de cualificación

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a asignatura.



Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 4 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos pero manifestaran unha actitude positiva e ofrecen posibilidades claras de recuperación.

Serán cualificados cun 3, 2 ou 1 aqueles alumnos que claramente non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a materia.

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: caderno de aula, audicións, e controis.

A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 10%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.

20% en función do criterio de avaliación 5.

Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, dacordo co establecido no R. R. I. do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

#### **4.2.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por



outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede. Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso. É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

#### 4.2.4. Medidas de recuperación

##### 4.2.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que teñan a asignatura pendente ou que suspenderan alguna das avaliacións realizarase un plan de traballo con novas actividades didácticas orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de titoría con esta mesma finalidade.

Dada a especificidade da aprendizaxe instrumental os obxectivos e contidos mínimos están interrelacionados ó longo de todo o curso. Por este motivo o feito de centrarnos nos aspectos non superados en trimestres anteriores no supón a desviación no traballo dos obxectivos xerais do curso. Así pois, no momento no que un alumno supere os obxectivos plantexados, consideraranse superadas as avaliacións anteriores.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a **perde o dereito á avaliación continua**, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

No caso de ter a materia pendente do curso anterior esta será aprobada no momento en que se superen os obxectivos mínimos do mencionado curso.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro.





#### 4.2.4.2. Probas extraordinarias de setembro

Na proba extraordinaria de setembro, o alumno deberá presentar un repertorio que abrangan, cando menos, os mínimos esixibles durante o curso. O profesor poderá cingir esta proba, se o considera oportuno, exclusivamente a aqueles contidos non superados durante o curso polo proceso de avaliación continua. No informe de avaliación negativa de xuño fixarase unha proposta de repertorio para a proba extraordinaria de setembro.

O feito de que o repertorio presentado non se cinga ou ós mínimos esixibles (por non acadar a dificultade axeitada) ou ó proposto polo profesor no informe de avaliación negativa de xuño, poderá ser motivo de suspenso.

Do repertorio presentado na proba, o profesor seleccionará aquel que considere máis oportuno escoitar e poderá deter a interpretación no momento no que considere que ten elementos suficientes para cualificar.

Os criterios de avaliación aplicables nesta proba serán os mesmos que os aplicables durante o proceso de avaliación continua, exceptuando aqueles que, dada súa natureza, só serían de aplicación nun proceso avaliativo desta natureza.

Para a **cualificación** da proba, atenderáse ós seguintes criterios:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

#### 4.2.5. Recursos didácticos

BONETTI, R.: Enjoy playing the clarinet .Oxford

DANGAIN, G.:ABC do xoven clarinetista vol.2. Billaudot.

KLOSÉ, J.:220 Exercicios.( revisado por Guy Dangain). Billaudot.

ROMERO, A.: Método completo para clarinete. Vol.1. UME.

LANCELOT et CLASSENS.: La clarinette classique.

VOXMAN.: Selected duets Vol.1.. Rubank Educational.

LANCELOT, J. e PATRICK.H.: Pezas clásicas para clarinete e piano.Vol1.



BOERSTOEL, J. e KASTELEIN, J.: Escoitar, ler e tocar. Vol. 1. De Haske.

MANZ, R.: Die Fröhliche Klarinette. Vol. 2. Schott.

VAUGHAN WILLIAMS, R.: Six studies in English folksong.

RAMÍREZ, A. (arr. A. Villalonga): Alfonsina y el mar.

VIVES MOLAS, J.: Canto de sirena

NAULAIS, JÉRÔME: Croquis

FRANCK, C. (arr. Johan van Slageren): Ave María

\* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno en cuestión.

### 4.3. Curso: 3º G. E.

#### 4.3.1. Obxectivos

1. Adoitar unha posición corporal e emprazamento do instrumento correctos.
2. Coñecer e valorar a importancia da respiración abdominal-diafragmática para posibilitar un son estable, centrado e de calidade.
3. Mellorar o dominio da embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de todos os rexistros.
4. Desenrolar o uso das articulacións básicas para conseguir unha maior axilidade e flexibilidade nas propostas musicais do curso.
5. Iniciar ó alumno no uso dos reflexos necesarios para correxir de forma consciente a afinación así como a calidade do son.
6. Dominar a escala cromática dende mi<sup>2</sup> ata fa<sup>5</sup>, así como as tonalidades de SibM, Solm, ReM e Sim en diferentes articulacións.
7. Desenvolver por si mesmo un sistema de traballo individual que rentabilice o tempo empregado no estudo diario.
8. Memorizar un estudo ou movemento dunha obra proposta neste curso, así como as escalas das tonalidades mencionadas anteriormente.



### 4.3.2. Contidos

1. Control e dominio progresivo da posición adoitada ó tocar o clarinete.
2. Práctica de exercicios, con e sen instrumento, para continuar desenvolvendo a técnica da respiración abdominal-diafragmática.
3. Práctica de exercicios de embocadura e emisión.
4. Práctica das escalas do curso así como das súas respectivas escalas por terceiras, en diferentes articulacións e na tesitura proposta nos obxectivos.
5. Interpretación e memorización (cando proceda) dos textos musicais propostos para o curso).

### 4.3.3. Avaliación

#### 4.3.3.1. Criterios de avaliación

1. Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete.
2. Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
3. Correcta realización das diferentes escalas e arpexios programados no curso.
4. Correcta interpretación e memorización (cando proceda) dos diferentes estudos e obras programados no curso.
5. Mostrar ó longo do curso a capacidade de aprendizaxe, adicación, esforzo e interese necesarios para o estudo do instrumento.

#### 4.3.3.2. Mínimos esixibles

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Escala cromática.
- Escalas maiores e menores ata unha alteración.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha das obras programadas para o curso .
- Unha das Pezas clásicas para clarinete e piano.



- Selected duets. Un dúo.

## SEGUNDA AVALIACIÓN

- Escala cromática.
- Escalas de SibM E Solm.
- Seis estudos de Lancelot
- Unha obra das programadas para o curso.
- Unha das Pezas clásicas para clarinete e piano.
- Selected duets. Un dúo.

## TERCEIRA AVALIACIÓN

- Escala cromática.
- Escalas de ReM e Sim.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha das obras programadas para o curso.
- Selected duets. Un dúo.

### 4.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da “avaliación continua”. Como instrumentos para controlar o grao de consecución dos obxectivos temos que mencionar as **audicións** e os **controis** que periódicamente se realizarán. Do mesmo xeito no **caderno da aula** reflexaranse aspectos tais como as obras, estudos e escalas superados polo alumno, faltas de asistencia, actitude ante a asignatura, etc..

Dada a natureza dos estudos musicais, estímase necesaria a interpretación en público de textos musicais cunha certa periodicidade. Establécese un mínimo de dúas audicións ó ano nas cais deberá de participar cada alumno. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.



#### **4.3.3.4. Criterios de cualificación**

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para ese curso.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a asignatura.

Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 4 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos pero manifestaran unha actitude positiva e ofrecen posibilidades claras de recuperación.

Serán cualificados cun 3, 2 ou 1 aqueles alumnos que claramente non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a materia.

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: caderno de aula, audicións, e controis.

A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 10%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.

20% en función do criterio de avaliación 5.



Considerase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, dacordo co establecido no R. R. I. do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

#### **4.3.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede. Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso. É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

